



MOCIÓN

MEDIDAS COMPENSATORIAS DOS DANOS CAUSADOS POLOS TEMPORAIS

Nos últimos meses do ano 2000 e nos primeiros deste ano, Vilagarcía e toda Galicia, sufriu condicións meteorolóxicas adversas, excepcionalmente graves, caracterizadas por intensas chuvias e fortes ventos, e que provocaron, por efecto acumulativo, cuantiosos danos en bens públicos e privados.

É competencia do Goberno do Estado habilitar medidas e recursos para facer fronte a situacións de infortunio público, como é a provocada no noso entorno polas circunstancias antes mencionadas.

Mais, transcorrido tempo dabondo desde o inicio dos temporais, aínda hoxe están sen concretar as axudas que veñan compensar, por parte do Goberno Central, os danos sufridos no noso concello, nunha verdadeira actitude de insolidariedade e omisión diante desta situación.

A única medida concreta da que se dispón na actualidade é a habilitación dun fondo reintegrable por parte da Xunta de Galicia para adiantar ós concellos o 20% do custo dos danos sufridos polas entidades locais. No día de hoxe, o noso Concello, non ten a certeza de contar con recursos específicos destinados polo Goberno Central para poder reintegrar á Administración Autónoma esta cantidade adiantada.

Diante desta situación, o **Grupo Municipal do BNG**, propón que polo Pleno da Corporación se adopte o seguinte

ACORDO

- 1. Trasladar ó Goberno do Estado a preocupación desta Corporación pola ausencia de medidas concretas destinadas a reparar os danos causados polos temporais pasados.**
- 2. Solicitar do mesmo Goberno Central a urxente promulgación do Decreto-Lei que habilite medidas compensatorias da grave situación provocada polos temporais nos bens e infraestructuras, tanto públicas como privadas.**

Vilagarcía, 22 de febreiro de 2001

Xosé Castro Ratón
Voceiro

SR. ALCALDE – CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA